

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 16 de maio de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dezaseis de maio do ano dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(468).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia da sesión por todos os presentes.

**2(469).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DA U.A.D. CEDRO E UBAS. EXPTE. 88648/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta de data 13/04/14, do secretario da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de contratación:

-Na sesión celebrada o 01 de abril de 2014 a proposta presentada por SERVICIOS SPR VILANOVA S. L., xa que xunto coa súa documentación

técnica presentou presuposto desglosado do servizo no que pon de manifesto o prezo do contrato ofertado, polo que incumpre o disposto na cláusula 13 2 B do PCAP.

-Na sesión celebrada o 30 de abril de 2014 a proposta presentada por Compañía de Protección y Vigilancia Galaica S.A, xa que o licitador non conta coas habilitacións profesionais esixidas no apartado 6 F das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) para a instalación e mantemento de aparatos e sistemas contra incendios (presenta a da empresa empresa Vigilancia Galaica, S.L.) e para os servizos de conexión a centrais receptora de alarmas, verificación e transmisión das sinais de alarmas e a súa comunicación ás forzas e corpos de seguridade (presenta a da empresa Ralset Seguridad, S.L.). Non son tidas en conta as habilitacións das empresas Vigilancia Galaica, S.L. e Ralset Seguridad, S.L., porque neste contrato de acordo co disposto no apartado 15 A das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) non procede a subcontratación.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación dos servizos de Seguridade e Vixilancia de CEDRO e UBAS. (expediente 88648-301) na seguinte orde decrecente:

1.- Eulen Seguridad, S.A. 100 puntos.

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar Eulen Seguridad, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 683,54 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

**3(470).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O VIGO RUGBY CLUB POLO DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA 2013-2014. EXPTE. 13030/333**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 02 e 08/05/2014, respectivamente e de conformidade co informe-proposta do director deportivo do 16/05/14 que figura conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Vigo Rugby Club para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honor na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

Segundo.- Aprobar o gasto de 30.000,00 €. a favor da entidade Vigo Rugby Club CIF: G-36680924 e enderezo social na rúa Hernán Cortés, 1, 1º Dcha. en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13030/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.09 do vixente orzamento.

Terceiro.- Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014.**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil catorce.

**REUNIDOS**

*Dunha parte, O Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra, don Ramón González-Babé Iglesias como presidente da entidade Vigo Rugby Club CIF nº G-36680924 e enderezo social na rúa Pontevedra 6, 6ºC en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13030/333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.-Que a entidade Vigo Rugby Club conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honor desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*

*A entidade Vigo Rugby Club desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade Vigo Rugby Club impulsa e estimula a participación dos e das máis xoves no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Rugby en etapas de formación,*

contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xoves teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.09 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade deportiva Vigo Rugby Club.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ao financiamento do proxecto xeral da entidade Vigo Rugby Club na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade Vigo Rugby Club Vigo Rugby Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13030/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Vigo Rugby Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Vigo Rugby Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.

- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Rugby na tempada 2013/2014.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Rugby Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Rugby Club unha subvención por importe de 30.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.09 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014. No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.

*Terceiro.- Esta subvención será incompatible coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014.*

*Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumpriran as seguintes especificidades:*

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

*Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014.*

*Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”*



**4(471).- BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS) AÑO 2014. EXPTE. 16041/332.**

O presente expediente retirouse da reunión para que se proceda anovo estudo.

**5(472).- RESARCIMENTO PATRIMONIAL AO CONCELLO DE VIGO, POLOS DANOS DERIVADOS DA APLICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 21ª DA LEI 11/2013 DE 26 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS DE GALICIA, POLA QUE SE INCREMENTA O CANÓN UNITARIO POR TONELADA DE RESIDUO XESTIONADA EN SOGAMA. EXPTE. 5005/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 14-04-2014, do xefe do servizo de Limpeza, conformado polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

*“En data 31 de decembro do 2013 apareceu publicada no D.O.G., Nº 249 a Lei 11/2013 de 26 de decembro, de Orzamentos de Galicia, pola que na súa disposición adicional 21ª garantízase a sustentabilidade financeira do sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos.*

*Esta disposición modificará dous aspectos fundamentais da relación contractual que ata este intre mantén o Concello de Vigo coa mercantil SOGAMA. Por unha banda modificou xa o prezo a partir do día 1 de marzo do 2014, de xeito que se fixa un cánon unitario por tonelada de residuos en 74,64 euros, un 33,5% superior ao prezo do contrato. Por outra banda modificará no futuro inmediato o propio texto do contrato, que quedará anulado e substituído por un novo negocio xurídico-administrativo cuxas condicións serán fixadas pola Consellería competente da Xunta de Galicia, en materia de residuos, de xeito que unha vez publicado no DOG, os Concellos que así o desexen poderán adherirse ao modelo SOGAMA no prazo de dous meses.*

*Así mesmo, o punto terceiro da mentada disposición permite incrementos futuros por circunstancias extraordinarias de alteración da sustentabilidade económica do sistema de xestión SOGAMA, de xeito que cando concurren estas circunstancias o novo cánon sería fixado pola Consellería competente previo informe favorable da Consellería de Facenda.*

*Á vista desta disposición solicitouse informe xurídico á Asesoría Municipal do que en data 12 de maio do 2014 recibíuse neste servizo de Limpeza o informe-nota de asesoramento sobre a “suba do cánon de SOGAMA”, asinado pola Titular da Asesoría Xurídica en data 9 de maio anterior, e incluído no expediente 8.623/111.*

*No punto IX do devandito informe-nota de asesoramento especificase literalmente:*

***“Ao tratarse dunha modificación legislativa que produce prexuízos a este Concello, cabería a posibilidade de presentar unha reclamación de responsabilidade patrimonial, pola vía da denominada responsabilidade do estado lexislador. Trátase de satisfacer os danos economicamente avaliábeis que resultan dunha actividade legislativa e que non existe un deber xurídico de soportar.*”**

...

A regulación recóllese no artigo 139.3 da Lei 30/1992, se ben o seu ditado literal restrinxe esta posibilidade a que os propios actos lexislativos recollan a posibilidade de indemnización. No entanto e, con respecto a esta última consideración, recentes pronunciamentos do TS (26 e 27 de novembro de 2009 e 30 de novembro de 2010) sitúanse na liña de considerar que a ausencia de regulación legal non impide o dereito a esixir a responsabilidade, máis reforzada aínda pola STS do 25 de febreiro de 2011. Responsabilidade que tamén é esixible dos actos lexislativos dos Parlamentos Autonómicos (SSTS 8 e 9 de outubro de 2008, pola aplicación dunha Lei da CCAA Canaria).

...

En definitiva, a posibilidade de resarcimento patrimonial polos danos derivados da aplicación da lei, o art. 9.3 da CE recolle a responsabilidade patrimonial dos poderes públicos e sendo un deles o poder lexislativo **en principio pode existir tal responsabilidade**.

Os supostos nos que se considera que existe responsabilidade derivada dunha lei sempre que exista un prexuízo individualizado e acreditado son os seguintes: leis expropiatorias, leis inconstitucionais e leis (constitucionais) que supoñan un sacrificio especial ou singular, que non exista o deber xurídico de soportalo e que deriven da vulneración dos principios de boa fe, confianza lexitima e seguridade xurídica.

No caso da fixación dun canon unitario de tratamento por tonelada de residuo establecido pola disposición adicional vixésimoprimeira da lei 11/2013 de orzamentos para 2014 sen considerar as situacións xurídicas individualizadas preexistentes, como é a do Concello de Vigo que ten asinado un contrato con SOGAMA cun prezo certo e determinado considerablemente inferior ao fixado por dita lei, pode supoñer un dano antixurídico avaliable economicamente susceptible de indemnización.

Para o suposto de que se acreditase que dito incremento do canon representa un prexuízo patrimonial de dereitos económicos lexítimos podería formularse unha solicitude de responsabilidade patrimonial fronte á Administración Autonómica autora da lei no prazo de 1 ano desde que se produciu a entrada en vigor da lei que estableceu o novo canon.

...

Esta caso, permitiría o pagamento íntegro da factura, agora ben **sería convinte que polo órgano de contratación**, se deixase constancia fundamentada da reserva das posibles accións de reclamación respecto do pagado, para evitar unha actuación incoherente municipal evitando unha contradición coas actuacións propias posteriores de reclamación dos danos, requirindo nese mesmo momento a información que precise o Servizo de Limpeza para avaliar o servizo e os posibles danos para a facenda municipal, así como os restantes requisitos para a esixencia da responsabilidade patrimonial. Como xa se indicou antes, só posteriormente procederá emitir informe xurídico sobre a proposta do servizo e, en todo caso, calquera proposta de decisión haberá de ser informada previamente, pola Intervención municipal.

Por outra banda e dada o impacto que a Disposición Adicional vixésimoprimeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de Orzamentos de Galicia, ten para todos os Concellos adheridos ao modelo SOGAMA, vese conveniente instar á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para que promova a constitución dunha comisión técnica de traballo cos actores máis relevantes neste caso, evaluando técnicamente a situación económico-financieira da empresa tanto no momento presente coma no futuro, así como establecer e valorar as alternativas que sexan posibles.

Porén, o Concello de Vigo non debe quedar a expensas da decisión que neste sentido tome a FEGAMP ou das súas conclusións. Así que xa que a primeira factura na que SOGAMA in-

crementou o prezo conforme á lei, correspondente ao servizo prestado a este Concello na xestión final dos seus residuos durante o mes de marzo do ano 2014, tramitada como Expediente 4970/252 do Servizo Municipal de Limpeza, e conformada coa salvedade da obriga legal que existe para co prezo, pero reservándonos o dereito a exercer as accións legais que en Dereito procedan, o técnico que suscribe entende pertinente iniciar o procedemento de identificación e avaliación económica dos perxuízos producidos á Facenda Municipal, derivados da aplicación do precepto legal, par a súa posterior reclamación ao Estado Lexislador.

Á vista do anterior e entendendo como “estado lexislador” neste caso á Xunta de Galicia, **proponse á Xunta de Goberno Local**, previos os informes que procedan, a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1. Que por parte do Servizo Municipal de Limpeza se inicie o regulamentario expediente de avaliación económica dos perxuízos producidos á facenda municipal, derivados da aplicación da disposición adicional vixésimoprimeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de Orzamentos de Galicia, e posterior reclamación patrimonial por danos contra a Comunidade Autónoma lexisladora, polos motivos que figuran no informe que antecede.
2. Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), que promova a constitución dunha comisión técnica de traballos cos actores máis relevantes, para avaliar técnicamente a situación económico-financieira de SOGAMA de presente e futuro así como alternativa posibles.”

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a anterior proposta formulada polo xefe do servizo de Limpeza.

### **6(473).- EXECUCIÓN DO AUTO 36/12 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO REFERENTE AO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO EN SUPERFICIE MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUES. EXPTE. 89152/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/05/14, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro-delegado que di o seguinte:

#### “ANTECEDENTES

*PRIMEIRO.- Por Auto de 03 de febreiro de 2014, dimanante da Peza Separada de Execución 36/12 do Xuzgado do Contencioso-administrativo Nº. 2 dos de Vigo (P.O. 378/07), acórdase requirir ao Concello o informe ou informes técnicos do ou dos departamentos competentes relativos a si debido ao dilatado período transcorrido dende a presentación das ofertas concurrentes á adxudicación do servizo de estacionamento regulado en superficie, se poden considerar desfasados tanto o contido da concesión como os medios técnicos que se tiveron en conta no momento da adxudicación, a efectos da convocatoria dun novo concurso público, así como sobre a concurrencia de calqueira razón de interés público que aconsellen a convocatoria de dito novo concurso en lugar da retroacción do procedemento, en función da alteración substancial das condicións existentes no momento da anterior licitación.*

*SEGUNDO.- Para a evacuación do mencionado informe outorgouse o prazo dun mes, incrementado mediante providencia de 18 de marzo seguinte en dous meses.*

*Na solicitude do prazo adicional instado da autoridade xudicial executante, anticipouse que non se advertían razóns técnicas obstativas da retroacción do expediente con nova adxudicación, como decisión preponderante dimanante da Sentenza firme. En particular, deixouse dito que :*

*“... o parquímetro, o elemento máis trascendental de cantos constitúen o servizo, presenta uns requerimentos técnicos, de conectividade e funcionais con vista ao cumprimento dos seus cometidos (informar de xeito exhaustiva ao usuario sobre o servizo; permitirlle a obtención da autorización que lle conveña segundo tarifas e con medios de pago plurais e actuais; control instantáneo -monitorización- sobre o seu estado de servizo en función de averías, vandalismo ou outras causas con posibilidade de emendar en liña; monitorización do nivel de ocupación e rotación das zonas reguladas, e dos propios ingresos; posibilidade de anulación das denuncias, etc.) que non resultan esencialmente estraños á parca regulación contida na nosa licitación de 2007.*

*Existe tamén coincidencia básica ao contemplar solucións mixtas nas tarefas de vixilancia -recursos humanos/medios tecnolóxicos, art. 3.1.1 c)-, como ocorre no noso caso (subrogación de persoal xunto a sistemas móbil e de visión artificial).*

*Por fin, tamén é substancial a coincidencia na utilización de dispositivos móbiles para a tramitación das denuncias e dos consiguientes expedientes sancionadores.*

*Por conseguinte, nesta dimensión específica de requerimentos tecnolóxicos, os sistemas de información e comunicación que constitúen o soporte do servizo non difiren substancialmente nun e outro caso”.*

*A ditas conclusións chegouse mediante a análise dos pregos da licitación do servizo que tivo lugar no Concello de Madrid en 2013, á que concorreron as principais empresas coas que o funcionario que subscribe se entrevistou en eventos organizados polo sector (ITS España, Salón Internacional de Seguridad Vial “TRAFIC”, SMART CITY EXPO WORLD CONGRESS), e en visitas á sede do propio Concello de Vigo.*

*TERCEIRO.- En aquela solicitude de ampliación do prazo advertíamos, non obstante, que: “Na licitación obxecto de autos contemplábanse un número de prazas reais de 2.850, admitindo non obstante unha variación de ata o 9 por cento daquelas (apartado V do pliego técnico).*

*O equilibrio económico-financeiro do contrato se estipuló nun máximo de 2.100.000 euros, sobre a base dunha ocupación do 68,5 %, e unha tarifa media de 0,49463.*

*Na liquidación do mes de febreiro de 2014, a concesionaria pon de manifesto a existencia de 2.056 prazas hábiles, cun nivel de ocupación do 67,56 %”.*

*CUARTO.- Mediante informe elaborado polo Enxeñeiro Municipal D. Manuel Monroy Castro, constátase que o número de prazas existentes ao tempo de executar a Sentenza é de 2.244, engadidas as de carga e descarga (212), que computan operativamente por un tercio de dito número dada a limitación horaria da súa disponibilidad.*

*A dita situación chegouse pola política de reforma integral dos espazos urbanos emprendida dende o 2007, dando prioridade ao uso peonil dos mesmos (estar, caminar, e demais formas de disfrute) sobre a circulación rodada.*

*QUINTO.- Na planificación desta Área de Goberno e Administración non constan antecedentes, nin se contempla actualmente en modo algún a extensión do servizo ata acadar a dimensión que tivo ao tempo de executarse a licitación obxecto de autos.*

*SEXTO.- Concedido trámite de audiencia aos licitadores non excluídos, consta no expediente que:*

*1º.- A modo de escrito presentado a través do Rexistro Xeral (doc. 140050348) o 28 de abril de 2014, o representante da mercantil UTE ESYSCSA-API tras alegar os feitos e fundamentos de dereito que estimou pertinentes, termina solicitando que se dite resolución pola que se interese do Xuzgado a retroacción das actuacións ao momento da súa adxudicación, debendo recaer esta na oferta economicamente máis ventaxosa, que identifica como a propia.*

*2º.- O 29 de abril de 2014, o representante da mercantil ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A.U., interesa a modo de escrito presentado no Rexistro (doc. 140050515) mediante o servizo de Correos, a convocatoria dunha nova licitación con bases axustadas aos modernos mecanismos de control e pago de estacionamento en vía pública, así como á actual configuración urbanística da área en que haberá de asentarse o mencionado servizo (redimensionamento).*

*3º.- Con entrada no Rexistro de 02 de maio de 2014 (doc. 140051628), o representante da mercantil SETEX-APARKI, S.A., invoca supostos avances tecnolóxicos producidos dende 2007 que implican maior eficacia no control da xestión do servizo mellorando a experiencia do usuario; e, de outro lado, con todo detalle invoca a diferenza de plazas entre as que foron obxecto de licitación e as actuais, o que se proxecta inmediatamente sobre as ofertas presentadas, non susceptibles de modificación; interesando, en definitiva, que se dicte resolución pola que se acorde unha nova licitación, e así se interese do Xuzgado executante.*

*SETIMO.- En mérito de canto antecede, non resulta dudoso que os termos en que a licitación quedou establecida en 2007, obxecto das ofertas presentadas polos licitadores non excluídos en virtude da Sentenza, difiren radicalmente do que hoxe sería obxecto dunha nova adxudicación.*

*Identificada así unha causa de interese xeral obstativa do cumprimento do mandato preferente de retroacción contido na Sentenza, imponse como parte dispositiva a que a continuación se expresa:*

*1º.- En execución do disposto no Auto de 03 de febreiro de 2014, dimanante da Peza Separada de Execución 36/12 do Xuzgado do Contencioso-administrativo Nº. 2 dos de Vigo (P.O. 378/07), a Xunta de Goberno Local acorda comunicar a dita autoridade xudicial a necesidade de convocar unha nova licitación para a prestación do servizo público de estacionamento regulado en superficie mediante expendedores de tiques, dada a esencial disparidade entre o que foi obxecto de concesión e a actual situación do servizo.*

*2º.- A Xunta de Goberno Local acorda, asimesmo, comunicar ao Xuzgado a necesidade de continuar a prestación do servizo pola mercantil adxudicataria do contrato agora en fase de liquidación e conforme ás súas propias estipulacións, entre tanto no se resolva a nova licitación (art. 65.3 do TRLCAP, aprobado polo RDL 2/00)."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta formulada polo xefe de área de Seguridade e Mobilidade.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.